

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISION INFORMATIVA DE IGUALDADE, POLÍTICAS SOCIAIS, FAMILIA E RETO DEMOGRÁFICO CELEBRADA O DÍA 21 DE FEBREIRO DE 2025

PRESIDENTA:

Dona María Sandra Bastos Míguez

VOGAIS:

Dona María Nava Castro Domínguez

Dona Belén Cachafeiro Anta en substitución de **Dona Luisa María Sánchez Méndez**

Don Rafael Domínguez Artime

Don Jorge Cubela López

Don Ricardo Martínez Chantada

Dona María Pilar Ramallo Vázquez

Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso

Don Jesús Vázquez Almuiña

Don Paco Ferreira González

Don Gregorio Luis Agís Gómez

Dona Digna Rosa Rivas Gómez

Don Gorka Gómez Díaz

Dona Nuria Rodríguez Rodríguez

Don Javier Iglesias Mougán

Dona María Manuela Rodríguez Pumar

Dona María Ortega Iñarrea

En Pontevedra, sendo as doce horas e quince minutos do día 21 de febreiro de 2025, reúnense na Sala de Xuntas da Deputación de Pontevedra, baixo a Presidencia de Dona María Sandra Bastos Míguez, as señoras e señores deputados que ó marxe se sinalan, membros da Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico

Actúa como Secretaria, Dona Ana Isabel Amoedo Garrido, coordinadora xeral Servizos Educativos do Centro Príncipe Felipe.

Aberta a Sesión pola Presidencia, adoptáronse os seguintes acordos:

1. **APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 24 DE XANEIRO DE 2025 (Expediente 2025003397)**

A comisión acorda prestar aprobación, por unanimidade, a acta da sesión ordinaria celebrada o día 24 de xaneiro de 2025.

2. **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA INSTANDO Á DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E Á XUNTA DE GALICIA A BUSCAR A FINANCIACIÓN PRECISA PARA REMATAR A RESIDENCIA DA ASOCIACIÓN ACEESCA (ASOCIACIÓN DE APOIO A PERSOAS CON DIVERSIDADE INTELECTUAL) SITA NO POLÍGONO DE TORNEIROS (O PORRIÑO) (Expediente 2025007875)**



O Grupo Provincial do PSdeG-PSOE presentou o día 18 de febreiro de 2025, co número de rexistro WEB2025010276, unha moción asinada pola voceira do grupo, D^a. Ana Laura Iglesias Gonzalez, para o seu debate e votación no Pleno, co seguinte teor literal:

"MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA INSTANDO Á DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E Á XUNTA DE GALICIA A BUSCAR A FINANCIACIÓN PRECISA PARA REMATAR A RESIDENCIA DA ASOCIACIÓN ACEESCA (ASOCIACIÓN DE APOIO A PERSOAS CON DIVERSIDADE INTELECTUAL) SITA NO POLÍGONO DE TORNEIROS (O PORRIÑO)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Aceesca é unha asociación fundada no ano 1983 por pais e nais de persoas con discapacidade intelectual, sen ánimo de lucro, de utilidade pública e que presta apoio a un total de 104 persoas con discapacidade intelectual, así como as súas familias e o seu entorno, ante a inexistencia de recursos públicos e privados no seu ámbito de actuación.

Aceesca está ubicada en Torneiros (Porriño), pero o seu ámbito de actuación é provincial, atendendo a persoas usuarias procedentes de 14 concellos (Porriño, Mos, Tui, Salceda, As Neves, Salvaterra, Mondariz, Ponteareas, Redondela, Covelo, A Cañiza, Mondariz Balneario, Ponteareas e Vigo), e conta coa seguinte infraestrutura:

Un centro de educación especial, que ten como finalidade proporcionar o apoio preciso ó alumnado para que reciban unha formación educativa que de resposta as súas necesidades e que lle permitan integrarse plenamente na sociedade actual. Conta na actualidade con 32 alumnos.

Atención temperá: Aceesca desenvolve a actuación de atención temperá, para nenos e nenas de 0 a 6 anos nos seguintes concellos: A Cañiza, Covelo, Mondariz, Mondariz Balneario, Salceda de Caselas, As Neves e O Porriño. Nestes intres prestamos atención e apoio a un total de 224 nenos e nenas nas distintas fases da atención temperá.

Un centro ocupacional formando por 37 persoas maiores de 16 anos, que dispón de diferentes talleres ocupacionais e con un servizo de axuste persoal e social.

Un centro de día, da apoio a 38 persoas maiores de 16 anos, coa finalidade de desenvolver o obxectivos e metas individuais de cada persoa, para acadar unha mellora da calidade de vida.

Un centro especial de emprego, Lume S.L., para promover e facilitar a inserción laboral das persoas con discapacidade impartindo formación en actividades como xardinería, limpeza e apoio a dependencia, preparación de oposicións, etc. Actualmente contan con 54 persoas traballadoras das cales mais do 70 % son persoas con discapacidade. Ademais das actividades produtivas habituais (xardinería, limpeza, apoio a persoas con discapacidade, transporte...) recentemente iniciou un programa de Formación Dual en Hostalaría, levando a cabo a apertura da cafetería Lume ubicada no parque O Piñeiro – Torneiros (O Porriño).

A día de hoxe cabe destacar a construción da residencia, que está en fase de construción e cuxo proxecto se denomina "Miña casa, miña comunidade", deseñada para beneficiar a 40 persoas en praza de vivenda con centro de día e 10 adicionais en praza de centro de día, situada no polígono de Torneiros (Porriño). Dito proxecto pretende dar resposta a necesidade inmediata das familias



de persoas con discapacidade intelectual e seguir garantindo un futuro para os seus fillos/as, no que dispoñan dun fogar e apoio os seus familiares cando estes xa non poidan.

O orzamento total da obra supón 4.301.499,67€ con Iva incluído, dos cales 1.550.028,29€ están pendentes de obter financiamento.

Tendo en conta que dita obra ten que estar rematada en decembro do ano 2025 ao tratarse de fondos procedentes de Europa, e que a día de hoxe é inviable asumir o custo total da obra por parte da Asociación, o Grupo Provincial Socialista propomos solicitar a colaboración económica as diferentes administracións para que poida saír adiante unha importante iniciativa social, tendo en conta que nestes intres en toda a provincia de Pontevedra non hai ningunha praza residencial dispoñible para estas persoas, e da que estamos seguros todos e todas compartimos a mesma sensibilidade.

Diante de todo isto, o Pleno insta á Deputación ao cumprimento dos seguintes

ACORDOS:

Instar a Deputación Provincial e a Xunta de Galicia a estudar coa máxima celeridade as vías de colaboración económica coa Asociación Aceesca (Asociación a persoas con diversidade intelectual), para que poidan rematar o proxecto de construción da residencia sita no polígono de Torneiros (O Porriño)”

Sometida a votación a devantida moción, obtívose o seguinte resultado:

- 1. Votos a favor: (8)**, sendo seis (6) do grupo provincial do PSdeG-PSOE e dous (2) do grupo provincial do BNG.
- 2. Abstención: (9)**, do grupo provincial do Partido Popular.

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico ditamina favorablemente a moción do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE na que insta a Deputación Provincial e a Xunta de Galicia a estudar coa máxima celeridade as vías de colaboración económica coa Asociación Aceesca (Asociación a persoas con diversidade intelectual), para que poidan rematar o proxecto de construción da residencia sita no polígono de Torneiros (O Porriño), cos votos a favor das deputadas e deputados dos grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG e, a abstención do grupo provincial do Partido Popular.



3. **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG PARA SOLICITAR DA XUNTA DE GALICIA A APROBACIÓN E POSTA EN MARCHA DA VALEDORÍA DE IGUALDADE E DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA O REFORZAMENTO DA ÁREA DE IGUALDADE (EXPEDIENTE 2025007876)**

O Grupo Provincial do BNG presentou o día 18 de febreiro de 2025, co número de rexistro WEB2025010267, unha moción asinada pola deputada provincial do BNG, D^a. M^a Manuela Rodríguez Pumar, para o seu debate e votación no Pleno, co seguinte teor literal:

"O Grupo Provincial do BNG, ao abeiro do regulamento orgánico da Deputación Provincial, presenta para o seu debate en pleno a seguinte

Moción para solicitar da Xunta de Galiza a aprobación e posta en marcha da Valedoría de Igualdade e da Deputación de Pontevedra o reforzamento da Área de Igualdade

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O feminismo, máis que nunca neste inicio de 2025, é unha necesidade para responder ao rearme do machismo e ao avance das posicións máis reaccionarias e mesmo fascistas ao longo do planeta. Hai xa máis de cen anos que o 8 de marzo comezou a recoñecerse e consolidarse como unha data internacional de reivindicación e loita pola igualdade de dereitos das mulleres e a forma de honrala é impulsar avances concretos para que os dereitos lexislados sexan dereitos reais.

Na última década, a forza do feminismo fixo que se produciran cambios lexislativos e un proceso de toma de conciencia colectiva que nos fixo avanzar posicións. Mais hoxe, vemos con preocupación o avance de posicións e medidas abertamente retrógradas no ámbito social ou institucional, con consecuencias que agravan a desigualdade e mesmo cuestionan a existencia da violencia machista que ameaza as nosas vidas.

Hoxe, vemos con preocupación novos mecanismos de compra-venda e alienación dos nosos corpos e das nosas vidas, o afortalamento da manosfera ou as graves consecuencias da concatenación de crises para as mulleres galegas, que seguen a ter, en termos globais, peores indicadores no ámbito socio económico e seguen a soportar o desmantelamento dos servizos públicos, especialmente no ámbito da dependencia e da conciliación.

Así, a fenda salarial continúa. Continúa a sobrerrepresentación das mulleres nos tramos de menores ingresos e a infrapresenza nos de maiores ingresos. Aínda que aumentou a poboación feminina ocupada, hai unha terciarización dese aumento e a xornada parcial continúa sendo unha característica do emprego feminino. Podemos afirmar que a última reforma laboral non fixo máis que afondar as fortes fendas xa existentes entre homes e mulleres. Ademais, aumenta a desigualdade das pensións e todos estes factores fan que permaneza a situación de feminización da pobreza, mesmo aumentando a fenda entre homes e mulleres.

Nesa liña de retrocesos, contemplamos con preocupación como, na Deputación de Pontevedra, o actual goberno do Partido Popular reduciu progresivamente o orzamento da área de Igualdade pasando do 1,17% do total no 2023 a apenas o 0,80% no 2025. Isto tradúcese en redución de achegas a entidades socias ou en conxelación das mesmas no caso dos concellos, o que implica



necesariamente a minoración das accións en materia de igualdade cando cumpriría todo o contrario, incrementar o orzamento de xeito que permita implementar máis e mellores medidas encamiñadas a garantir esa igualdade.

Compren novas ferramentas legislativas

O feito de que haxa innumerables dereitos e medidas recollidas no marco legislativo que non se cumpren na vida diaria debe facernos reflexionar sobre a necesidade de que se muden e actualicen as ferramentas para os facer efectivos. Por iso, a reivindicación do 8M debe apostar por ferramentas concretas e fuxir de declaracións de intencións, dar cabida ás demandas do feminismo galego e empregar o autogoberno para avanzar en dereitos.

Fronte ao conformismo e á declaración de intencións, fronte á tentación de quen aproveita a vaga reaccionaria para rebaixar a esixencia ás institucións, propoñemos a creación dunha Valedoría de Igualdade como órgano de defensa cidadá perante situacións de discriminación, directa ou indirecta, por razón de xénero, con funcións de investigación, asesoramento, mediación e elaboración de propostas de sanción para a promoción da garantía do cumprimento do principio de igualdade.

Para situar Galiza nos máis altos estándares de promoción da igualdade e de loita contra a discriminación por razón de xénero, faise preciso avanzar na constitución de organismos públicos independentes que velen polo cumprimento e garantía dos dereitos xa recoñecidos formalmente na lexislación. De maneira específica, faise preciso abordar esta cuestión no sector privado, toda vez que non existe unha autoridade independente análoga á que si ten por natureza a defensa dos dereitos da cidadanía fronte á administración. Este papel, que cumpren as Valedorías ou Defensorías do Pobo, tamén en Galiza, circunscríbese en exclusiva ao ámbito público non tendo encomenda algunha sobre as situacións de discriminación que se produzan no sector privado.

Por iso, é necesaria unha Valedoría da Igualdade entendida como autoridade independente que asesore e asista á cidadanía diante de posíbeis situacións de discriminación que, por razón de xénero, se produzan no sector privado sexa de xeito directo ou indirectamente, así como promover vías de negociación e recomendacións que poñan fin a situacións de discriminación como as que continúan a rexistrarse aínda hoxe en moitos ámbitos. O futuro é esixente e nós tamén debemos selo, reafirmando o apoio ás mobilizacións do feminismo galego e propoñendo avances para facer unha Galiza máis feminista.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1.- Instar ao goberno da Deputación de Pontevedra a:

- reafirmar o seu compromiso coa loita feminista e o apoio ás mobilizacións e reivindicacións do feminismo galego de base;*
- a potenciar a área de Igualdade e aumentar significativamente o seu orzamento de xeito que permita incrementar as iniciativas e accións para a promoción da igualdade tanto propias como de colectivos sociais e entidades locais da provincia.*



2.- Instar ao goberno da Xunta de Galiza a impulsar un proceso con ampla participación social e institucional para a aprobación por lei, antes do remate do ano 2025, dunha Valedoría de Igualdade como autoridade independente de defensa cidadá. Un organismo que asesore e asista diante de posibles situacións de discriminación, directa ou indirecta, por razón de xénero, que se produzan no sector privado; que promova vías de negociación e recomendacións que poñan fin a situacións de discriminación, con funcións de investigación, asesoramento, mediación e elaboración de propostas de sanción para a promoción da garantía do cumprimento do principio de igualdade”.

Sometida a votación a devantida moción, obtívose o seguinte resultado:

1. **Votos a favor (2)** do grupo provincial do BNG.
2. **Abstención (15)**, sendo nove (9) do grupo provincial do Partido Popular e seis (6) do grupo provincial do PSdeG-PSOE.

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico ditamina a moción do Grupo Provincial do BNG para solicitar da Xunta de Galiza a aprobación e posta en marcha da Valedoría de Igualdade e da Deputación de Pontevedra o reforzamento da Área de Igualdade, cos votos a favor das deputadas do grupo provincial do BNG e, a abstención das deputadas e deputados dos grupos provinciais do Partido Popular e do PSdeG-PSOE.

3. DAR CONTA DAS BASES REGULADORAS DE ADMISIÓN DE USUARIOS NA ESCOLA INFANTIL 0-3 ANOS PRÍNCIPE FELIPE DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA O CURSO 2025/2026 (Expediente 2025002203)

Dende a Dirección do Centro Príncipe Felipe elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico, das bases reguladoras de admisión de usuarios na escola infantil 0-3 anos Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra para o curso 2025/2026 cuxo contido literal é o seguinte:

"A Deputación de Pontevedra é titular da escola infantil 0-3 Príncipe Felipe, inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Consellería de Política Social co número E1340C002, a dita Escola cumpre os requisitos establecidos no Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección de servizos sociais en Galicia e mais no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.

A Escola Infantil presta un servizo educativo encamiñado ao desenvolvemento integral das persoas usuarias a través dunha atención integral dos nenos e das nenas, tanto nos aspectos educativos, nos termos recollidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación e no Decreto 330/2009, de 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, como nos aspectos de coidado, hixiene e alimentación dentro do horario da



escola, así como a xestión e a administración do centro baixo a coordinación da Deputación de Pontevedra. Este servizo responde tamén as necesidades das familias, contribuíndo á conciliación da vida laboral e persoal.

A prestación do dito servizo realízase de acordo coas modalidades previstas no artigo 85 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, sendo a modalidade a de xestión indirecta, establecida a súa vez na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

En cumprimento do previsto na citada LCSP, a Xunta de Goberno, na sesión do 5 de maio de 2023 adxudicou á Fundación de Estudios e Análises - FESAN (CIF: G-15597669) o contrato para a xestión do servizo de Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe. O contrato entrou en vigor o 1 de setembro de 2023 cunha duración de dous anos. No expediente de contratación, prevese a posibilidade de autorización de dúas prórrogas dunha duración dun ano cada unha delas.

Resultando que, a tipoloxía contractual establecida para a prestación deste servizo establece que é a Deputación de Pontevedra quen realiza a convocatoria anual de adxudicación de prazas e xestión da mesma en canto aos procedementos de novo ingreso e de renovación de praza, publicación de listas e resolución de reclamacións.

Vista a conformidade da deputada delegada de área e a coordinadora xeral do CPF (CSV: SOX79RHDVSM56O2Q), de data 20 de xaneiro de 2025, para o inicio da tramitación administrativa do expediente ao obxecto de aprobar as "Bases que regulan a admisión dos/das usuarios/as na Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe para o curso 2024/2025" (CSV: TXSDQ57ZCU3D4Z7R). Visto o informe favorable da xefa de xestión administrativa do Centro Príncipe Felipe, emitido o 21 de xaneiro de 2025 (CSV: RSDXBE3HXJ8AV7DW), no que se expoñen os fundamentos xurídicos e técnicos para a aprobación das ditas bases e, o informe favorable (CSV: AO5XTS9JG7UPAUO7) de data de 23 de xaneiro de 2025 de Intervención para aprobación da ditas bases.

Estas bases apróbanse por Resolución Presidencial nº 2025000672 de 28 de xaneiro de 2025 e posteriormente foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nº 21 de 31 de xaneiro de 2025.

Ditas bases reguladoras quedan redactadas da seguinte forma:

"BASES ADMISIÓN DOS/DAS USUARIOS/AS NA ESCOLA INFANTIL 0 -3 ANOS PRÍNCIPE FELIPE PARA O CURSO 2025/2026"

A Deputación de Pontevedra é titular da escola infantil 0-3 Príncipe Felipe inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Consellería de Política Social co número E1340C002. O réxime xurídico da actividade establécese no Regulamento de Organización e Funcionamento da Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe, publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 77, de data 19 de abril de 2024 e articulado como un conxunto de normas que regulan o funcionamento da Escola e das



actividades e servizos que se prestan, garantindo a convivencia do mesmo e procurando cumprir cos obxectivos fixados.

A Escola Infantil presta un servizo educativo encamiñado ao desenvolvemento integral dos seus usuarios a través dunha atención integral dos nenos e das nenas, tanto nos aspectos educativos, nos termos recollidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación e no Decreto 330/2009, de 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, como nos aspectos de coidado, hixiene e alimentación dentro do horario da escola, así como a xestión e a administración do centro baixo a coordinación da Deputación de Pontevedra. Este servizo responde tamén as necesidades das familias, contribuíndo á conciliación da vida laboral e persoal.

A prestación do dito servizo realízase de acordo coas modalidades previstas no artigo 85 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, sendo a modalidade a de xestión indirecta, establecida a súa vez na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

A tipoloxía contractual establecida para a prestación deste servizo establece que é a Deputación de Pontevedra quen realiza a convocatoria anual de adxudicación de prazas e xestión da mesma en canto aos procedemento de novo ingreso e de renovación de praza, publicación de listas e resolución de reclamacións.

Segundo o exposto, e ao abeiro do establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), no ROF Escola Infantil e na demais normativa aplicable, confecciónanse as presentes bases e a convocatoria con fundamento nas seguintes cláusulas:

BASES

Base primeira. Obxecto

O obxecto e ámbito de aplicación das presentes bases é, en consonancia co previsto no Regulamento de Organización e Funcionamento da Escola Infantil Príncipe Felipe, desenvolver e levar a cabo a convocatoria anual para o acceso a Escola Infantil articulada mediante as presentes Bases de admisión dos nenos e nenas de 3 meses a 3 anos na Escola Infantil 0-3 anos de Centro Príncipe Felipe na Deputación de Pontevedra. Nas presentes bases ven establecido o procedemento que se debe seguir no proceso de admisión así como o procedemento que propicie a renovación de prazas dos nenos e das nenas actualmente matriculados no presente curso escolar.

Base segunda. Persoas destinatarias das prazas

1. Solicitude de praza (novo ingreso):

Poderán solicitar praza os pais, nais, titores/as ou representantes legais dos nenos e nenas cuxas idades correspondan aos niveis de primeiro ciclo de Educación Infantil, os/as nenos/as nados antes do prazo ordinario de presentación de solicitudes, en todo caso deberán ter os tres meses cumpridos antes do 01 de setembro do curso escolar para o que se solicita admisión, salvo o previsto para o ingreso dos/das fillas/os das/dos traballadores/as da Escola Infantil.

2. Solicitude de praza (renovación):

Os pais, nais, titores/as ou representantes legais con nenos/as matriculados na Escola Infantil Príncipe Felipe no curso actual e que desexen renovar praza para o curso próximo deberán solicitalo polo medio que se determina nas presentes bases, dentro do prazo ordinario da convocatoria.



Base terceira. Requisitos para ser adxudicatario/a

Serán requisitos imprescindibles para ser adxudicatario/a de praza na Escola Infantil 0-3 Príncipe Felipe:

1. *Que o neno ou a nena xa nacesse no momento de presentación da solicitude, teña como mínimo 3 meses de idade a 1 de setembro do curso escolar, salvo o previsto para o ingreso dos/das fillas/os das/dos traballadores/as da Escola Infantil, así como para os/as fillos/as das/dos traballadores/as da Deputación de Pontevedra que traballen a quendas (mañá e tarde).*

Non obstante do anterior, poderanse eximir do límite de idade dos 3 anos os nenos e as nenas con necesidades específicas de apoio educativo, de acordo coa normativa vixente.

Fora do prazo ordinario, será requisito que o/a menor, teña cumpridos os tres meses de idade, á data da presentación da solicitude.

2. *Que teña a súa residencia ou o lugar de traballo dun dos pais ou titor na Provincia de Pontevedra. Así como as familias cun/cunha neno/a escolarizado/a que xustifiquen un cambio de domicilio e/ou de lugar de traballo á Provincia de Pontevedra.*
3. *Respecto daquelas familias que xa escolarizasen un fillo ou filla no mesmo centro, estar ao día no pagamento das cotas polos servizos recibidos na data de presentación da solicitude, tanto nos supostos de renovación de praza como de novo ingreso.*

Base Cuarta. Adxudicación das prazas**1. Adxudicación directa de prazas:**

- 1.1 *As solicitudes de renovación dos nenos/as escolarizados/as durante o curso 2024/2025 terán dereito á reserva da praza, sen ser sometidos á baremación recollida nas presentes bases; necesariamente deberán de tramitar a correspondente solicitude e posterior matrícula nos prazos ordinarios.*

En todo caso, non poderán acollerse á reserva de praza aqueles/as usuarios/as que non estean matriculados no inicio do prazo de presentación de solicitudes para o curso 2025/2026.

- 1.2 *As dos fillos e fillas do persoal que preste servizo na Escola.*

Os/as traballadores/as da Escola Infantil, segundo o previsto no Convenio colectivo que é de aplicación (XII Convenio colectivo de centros de asistencia e educación infantil, publicado no BOE número 178, do 26 de xullo de 2019), poderán realizar a reserva de praza no curso obxecto desta convocatoria para os seus fillos/as. A dita reserva efectuarase no prazo de presentación de solicitudes e implicará a reserva da dita praza durante todo o curso escolar, independentemente do momento no que se incorpore a Escola o fillo ou filla.

- 1.3 *As de nenas/os con irmán ou irmá con praza na Escola para o curso que se solicita a praza.*

- 1.4 *As dos fillos e fillas do persoal da Deputación de Pontevedra que traballe a quendas (mañá e tarde). A dita reserva efectuarase no prazo de presentación de solicitudes e implicará a reserva da dita praza durante todo o curso escolar, independentemente do momento no que se incorpore a Escola o fillo ou filla.*



- 1.5 *Nenos/as cuxos pais (os dous, ou un no caso de familias monoparentais debidamente acreditadas) estean traballando. O requisito de estar traballando será comprobado de forma que quede suficientemente acreditado.*

Neste apartado un (1), no caso de que o numero de solicitudes supere o número de prazas existente, terán preferencia na adxudicación das mesmas, na orde establecida anteriormente (1.2, 1.3, 1.4 e 1.5), someténdose os casos de que se trate á baremación regulamentada na base décimo primeira.

2. Adxudicación mediante o procedemento de baremación de solicitudes:

O restante das solicitudes non comprendidas nos supostos recollidos anteriormente, baremarase conforme o establecido nas presentes bases.

Base quinta. Lugar de presentación de solicitudes

- 1. As solicitudes presentaranse preferentemente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.*
- 2. Opcionalmente, tamén poderán ser presentadas as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.*
- 3. Para a presentación das solicitudes, a sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluíndo o DNI-e).*
- 4. A solicitude terá que estar asinada por calquera das persoas titulares da patria potestade ou representantes legais. No caso de separación ou divorcio será necesaria a autorización do proxenitor que non presente a solicitude, agás que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a un deles. En ambos os casos, será necesario presentar, xunto coa solicitude de admisión, a resolución xudicial correspondente.*

Base Sexta. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de quince (15) días hábiles, contados a partir do día seguinte da publicación da presente convocatoria no BOPPO. Se o último día de prazo é inhábil entenderase prorrogado ao seguinte día hábil.

Base Sétima. Comprobación de datos

- 1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:*
 - DNI/NIE das persoas solicitantes*
 - Certificación de residencia da persoa solicitante e de todas as persoas que integran a unidade familiar*
 - Certificación de nivel de renda relativo ao ano fiscal 2023 da persoa solicitante e de todas as persoas que integran a unidade familiar*
 - Certificado das percepcións da Renda de Integración Social de Galicia a data concreta*
 - Consulta das prestacións do Rexistro de Prestacións Sociais Públicas, Incapacidade Temporal e Maternidade*
 - Datos de convivencia actual.*



- Acreditación de familia numerosa.
 - Certificación de demanda de emprego dos proxenitores con efectos do día anterior ao da publicación destas bases.
2. En caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.
3. Excepcionalmente, en caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Base Oitava. Documentación

As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación, segundo corresponda e sempre que sexa de aplicación:

1. Relación das persoas integrantes da unidade familiar e comprobación de datos (Anexo I)
 2. Copia do libro de familia. No caso de renovación de matrícula, non será precisa a súa presentación. De ser o caso, as persoas solicitantes, deberán achegar a seguinte documentación:
1. No caso de que as persoas integrantes da unidade familiar suxeitas a tributación non contén coa declaración do IRPF do ano 2023, será imprescindible achegar un certificado de ingresos correspondentes ao ano 2023, expedido pola Axencia Tributaria, das persoas integrantes da unidade familiar.
 2. Documentación acreditativa de pensións procedentes do estranxeiro relativas ao exercicio fiscal do ano 2023.
 3. Informe acreditativo do/da menor con necesidades educativas especiais. No caso de renovación de matrícula, non será precisa a súa presentación, salvo que houberen variado as ditas necesidades.
 4. Acreditación de familia monoparental. No caso de renovación de matrícula, no será precisa a súa presentación se este documento está incorporado ao expediente do/da menor, salvo que houberen variado as ditas necesidades.
 5. Resolución xudicial do proceso de separación e divorcio ou convenio regulador de medidas paterno filiales correspondente.
 6. Informe de vida laboral no que se constate a situación de emprego dos proxenitores, actualizado con data do día anterior ao da publicación destas bases.

A documentación presentárase preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Deputación de Pontevedra poderá requirir a mostra do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

En caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivera un formato non admitido pola sede electrónica da Deputación de Pontevedra, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos.

Non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os documentos.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.



Base novena. Capacidade do Centro

A escola conta coa autorización de oito (8) unidades e centro quince (15) prazas distribuídas en:

- Dúas unidades 0-1 $8+8 = 16$ prazas
- Tres unidades 1-2 $13+13+13 = 39$ prazas
- Tres unidades 2-3 $20+20+20 = 60$ prazas

No caso de non existir demanda suficiente para formar un ou varios grupos do mesmo nivel de idade, os/as nenos/as poderán ser agrupados conforme á seguinte proporción:

- Grupos formados por nenos/as de ata 2 anos de idade: 1/10.
- Grupos formados por nenos/as de idades comprendidas no tramo 0-3: 1/15.

No caso de nova configuración de prazas en cada curso escolar de xeito permanente durante toda a xornada de atención educativa, se se configura unha agrupación 0-3, pedagoxicamente e co fin de traballar con grupos homoxéneos en idade, atenderase nesta agrupación exclusivamente ao alumnado de maior idade de 1 ano xunto cos de menos idade de 2 anos.

Cada curso escolar, segundo a demanda existente configurarase as aulas por idades, trasladando á dita información ao órgano competente.

Base Décima. Horarios

1. O centro permanece aberto en horario de 7:30h a 22:30 h., distribuíndose a prestación do servizo nas seguintes quendas:

- A quenda de mañá comprende de 7.30 h. a 18.00 h.
- A quenda de tarde comprende de 14:30 h. a 22:30 h.

2. No que se refire aos horarios de entrada e recollida, son os que seguen:

Quendas	Horario de entrada	Horario de recollida
Mañá	07.30 h. – 10.00h.	Establecerase en función do horario do xantar/descanso dos menores.
Tarde	14.30 h. – 16.00 h.	Establecerase en función do horario do merenda/cea e descanso dos menores, e en todo caso entre ás 21.00 h. – 22.30 h.

A estancia do alumno non pode superar as 8 horas diarias, salvo causas excepcionais xustificadas nas que se poderá ampliar o dito horario.

3. O centro determinará o seu calendario e horarios de apertura e peche ao público en función da demanda existente e da necesaria conciliación da vida persoal, familiar e laboral, a tales efectos se realizarán as correspondentes consultas as familias.

As familias son avisadas dos peches da escola mediante entrega de circular escrita no momento da solicitude de matrícula do seu fillo/a.

O horario de apertura e peche figurará no taboleiro de anuncios de cada centro e no RUEPSS.



Base Décimo Primeira. Valoración das solicitudes

A selección das solicitudes e a orde de admisión efectuaranse en función do establecido nas presentes bases. A todas as solicitudes recibidas aplicaráselles de ser o caso un procedemento de valoración, agás aquelas ás que se refire o punto un da base cuarta.

A puntuación total acadada conforme os criterios e valoración establecidos nestas bases decidirá a orde de admisión.

No caso de empate na puntuación final, cando o número de solicitudes sexa superior ao número de prazas ofertadas e cando a situación se produza entre as candidaturas á última praza ofertada no mesmo tramo de idade no centro, dita situación resolverase atendendo á maior puntuación obtida nos seguintes criterios, por orde de preferencia:

- 1.º Maior puntuación obtida por existencia de irmáns matriculados no mesmo centro.
- 2.º Maior puntuación obtida no criterio de situación económica.
- 3.º Maior puntuación obtida no criterio familia monoparental.
- 4.º Maior puntuación obtida no criterio familia numerosa.

No caso de que, despois de aplicar os anteriores criterios por orde de preferencia, persistise a situación de empate, resolverase esta situación aplicando o resultado dun sorteo público, que consistirá na extracción do nome dunha das persoas candidatas á praza dunha urna ou mecanismo similar onde previamente se introduciron os nomes de todas as persoas afectadas polo empate.

Base Décimo Segunda. Criterios de baremación e documentación acreditativa

Para a valoración e baremación das solicitudes presentadas para obter praza na Escola Infantil do CPF para o curso 2025/2026, atenderase a dous criterios: situación económica e situación sociofamiliar.

Para os efectos destas bases, considérase que a unidade familiar está integrada por:

- a) Os cónxuxes non separados/as legalmente ou as parellas de feito debidamente inscritas no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia, e cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar se entenderá constituída polo pai, nai, titor/a ou representante legal e todos os fillos ou fillas que convivan con eles.
- b) As fillas e fillos menores de idade, con excepción das e dos menores que, con consentimento das nais, pais ou persoas titoras, vivan independentemente.
- c) As fillas e fillos maiores de idade dependentes.

Nos casos de nulidade, separación ou divorcio, entenderase por unidade familiar a formada pola nai ou pai e todas as fillas e fillos que residan habitualmente cun ou co outro, que reúnan os requisitos anteriormente mencionados. En casos de custodia compartida, entenderase por renda da unidade familiar a das persoas que convivan no domicilio familiar indicado na solicitude e que cumpran os requisitos mencionados.

1. Situación económica

A situación económica acredítase cos seguintes documentos:

- Como documento básico, a copia da declaración do IRPF do ano 2023 de todos os membros computables da unidade familiar suxeitos a tributación.
- No caso de que as persoas integrantes da unidade familiar suxeitas a tributación non contén coa declaración do IRPF do ano 2023, será imprescindible achegar un certificado de ingresos



correspondentes ao ano 2023, expedido pola Axencia Tributaria, das persoas integrantes da unidade familiar.

- De non contar xustificadamente cos datos esixidos nos dous apartados inmediatamente anteriores será necesario achegar xustificación de pensións non contributivas ou xustificación de prestacións sociais (RISGA, integración familiar, subsidios, axuda de emerxencia social, prestacións por filla ou fillo a cargo, axudas a emigrantes retornados) e, se é o caso, pensións procedentes do estranxeiro. Todos estes documentos corresponderanse co exercicio fiscal do ano 2023.

Os ingresos da unidade familiar determinaranse sumando a base imponible xeral e a base imponible de aforro da declaración de renda conxunta ou, de ser o caso, a que resulte da suma das declaracións individuais dos membros da unidade familiar suxeitos a tributación. O importe anterior resultante dividirase polo número de membros computables da unidade familiar, obténdose así a renda anual per cápita. Para o cálculo da renda mensual per cápita dividirase entre doce (12).

A escala de baremación correspondente á situación económica, en función do IPREM vixente, é a seguinte:

- Inferior ao 30 % do IPREM: 8 puntos.
- Entre o 30% e inferior ó 50% do IPREM: 7 puntos
- Entre o 50% e inferior ó 75% do IPREM: 6 puntos
- Entre o 75% e inferior ó 100% do IPREM: 5 puntos
- Entre o 100% e inferior ó 125% do IPREM: 4 puntos
- Entre o 125% e inferior ó 150% do IPREM: 3 puntos
- Entre o 150% e o 200% do IPREM: 2 puntos
- Superior ao 200 % do IPREM: 1 puntos

2. Situación sociofamiliar

2.1 Situación laboral de ocupación:

- Situación de emprego da proxenitora: 7 puntos
- Situación de emprego do proxenitor: 7 puntos
- Situación laboral de desemprego da proxenitora: 2 puntos
- Situación laboral de desemprego do proxenitor: 2 puntos

2.2 Acreditación e valoración do criterio de *existencia de nenos/as menores de 12 anos de idade* na unidade familiar.

Para a valoración deste criterio consideraranse todas as persoas menores, sen incluír a persoa para quen se solicita praza, existentes na unidade familiar.

Esta valoración será de 1 punto por cada menor ata un máximo de 3 puntos.

2.3 Acreditación e valoración do criterio da condición de *familia monoparental*

A condición de familia monoparental acreditarase mediante certificado de recoñecemento de familia monoparental, ou aportando a correspondente declaración responsable conforme se está tramitando o dito certificado, e na que a persoa declara non convivir con outra coa que manteña unha relación análoga á conxugal.

A valoración deste criterio é de 3 puntos.

2.4 Acreditación e valoración do criterio da condición de familia numerosa.



A condición de familia numerosa acreditarase mediante certificado do dito recoñecemento, ou aportando a correspondente declaración responsable conforme se está tramitando o dito certificado.

A valoración deste criterio é de 3 puntos.

Base Décimo Terceira. Condicións xerais das prazas

Nas prazas da Escolas Infantil 0-3 do Centro Príncipe Felipe poderase optar por unha das seguintes modalidades de servizo:

- A. Atención educativa con comedor.*
- B. Atención educativa sen comedor.*

As nenas e nenos que teñan concedida praza sen servizo de comedor poderán facer uso deste servizo en días soltos comunicándoo previamente, como mínimo o día anterior para o que se solicita, na administración do Centro Príncipe Felipe.

Unha vez concedida a praza, esta manterase nas mesmas condicións durante todo o curso, salvo circunstancias sobrevidas debidamente acreditadas que xustifiquen a necesidade de modificación da opción elixida inicialmente, sempre e cando existan prazas dispoñibles.

No caso de haber elixido a opción de horario en quendas alternas, se durante o prazo de dous meses non se fai uso do mesmo e o neno ou nena permanece durante todo o período nunha mesma quenda, automaticamente se cambiará o horario a quenda da que se ven facendo uso no dito período. O cambio será comunicado o pai, nai, titor/a ou persoa representante do/a usuario/a.

No caso que, durante o prazo de dous meses non se faga uso do horario establecido na solicitude de admisión, asignaráselle o horario do que se ven facendo uso regularmente, todo isto dentro da quenda asignada. Para isto, realizarase no mes de novembro, e de xeito bimensual consecutivamente, a publicación das variacións que corresponda.

Base Décimo Cuarta. Prezos

As familias usuarias dunha praza na Escola Infantil 0-3 Príncipe Felipe aboarán mensualmente a cota que, en aplicación dos prezos públicos fixados no Acordo regulador de prezos públicos pola prestación do servizo da Escola Infantil que estea en vigor en cada curso segundo a renda per cápita de unidade familiar.

O prezo incluírá o mandilón, seguro escolar, axenda escolar, e material didáctico e xoguets e será aboado na correspondente conta corrente fixada pola entidade encargada da prestación do servizo da Escola Infantil.

O pagamento do prezo público realizarase por adiantado nos primeiros cinco días posteriores á matrícula do/da menor.

Na presente convocatoria tomarase para o cálculo da cota a declaración do IRPF correspondente ao ano 2023.

Para as persoas non obrigadas a declarar, as bases impositibles a que se fai referencia obteranse como resultado de aplicar aos datos existentes na Administración os criterios da lexislación do imposto sobre a renda das persoas físicas.



Base Décimo Quinta. Criterios de subvencionalidade

A Xunta de Galicia ven fomentando a gratuidade da atención educativa durante 11 meses ao ano.

A gratuidade da atención educativa comprende o conxunto de atencións e coidados profesionais de carácter integral, prestados baixo unha perspectiva educativa, ós nenos e ás nenas durante a súa estancia nunha escola infantil, segundo a modalidade de xornada pola que opten. A opción elixida implica a asistencia regular e continuada á escola infantil durante un máximo de 8 horas e un mínimo de 3 horas diarias, respectivamente.

Quedarán excluídas das ditadas actuacións subvencionables as actividades extra (fóra do horario de atención educativa é dicir extraescolares) á atención educativa que supoñan un custe adicional e cuantificable para a escola infantil. A escola debe xustificar o custo adicional. Exclúese tamén o comedor escolar.

A non asistencia á escola infantil 0-3 durante un período de 5 días sen xustificar dará lugar á baixa do alumno/a no programa de gratuidade.

A Xunta de Galicia fomenta a gratuidade da atención educativa durante 11 meses ao ano. No suposto excepcional e xustificado, de facer uso da escola por un período superior ao subvencionado deberá ser aboado polas familias.

As axudas polas altas que se produzan na Escola Infantil despois do día 1 do mes, serán aboadas pola Xunta na parte proporcional que corresponda dende o día da alta, correspondendo as familias o abono da diferenza que corresponda do prezo público.

En todo caso, haberá que estar ao que dispoña a Xunta de Galicia, na Orde que regula o procedemento de concesión da gratuidade da atención educativa dos/das nenos/as vixente.

Base Décimo Sexta. Escolarización de persoas menores con Necesidades Educativas Especiais

A admisión dos nenos e nenas con necesidades educativas especiais dependerá dos recursos existentes na Escola Infantil (persoal, espazo, etc.) e das características concretas do neno ou nena.

Base Décimo Sétima. Publicacións de actos

A presente convocatoria será obxecto de publicación no BOPPO, de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante, LPACAP).

Segundo o previsto no artigo 45.1 b) da LPACAP, os sucesivos actos administrativos, entre os que se inclúen as relacións provisionais e definitivas de persoas excluídas e admitidas, serán obxecto de publicación, que producirá os efectos da notificación, a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>) e da páxina web (www.depo.gal).

Base Décimo Oitava. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda das solicitudes

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude, previa resolución que será ditada nos termos do artigo 21.



Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse preferentemente por medios electrónicos a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten a disposición unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda á solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica ou presencialmente segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se está a realizar o trámite. Os modelos están dispoñibles en: <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>.

Base Décimo Novena. Información

Para os efectos de resolver dúbidas ou ampliar información da documentación a presentar, as persoas interesadas poderán dirixirse ao teléfono 986.804.100 (extensións: 41004, 41009).

Base Vixésima. Tramitación de expedientes de solicitude

1. Unha vez teñan entrada as solicitudes comprobarase pola xefatura de xestión administrativa do CPF que estas reúnen os requisitos recollidos nestas bases e verificarase a existencia da documentación acreditativa.

A lista provisional de solicitudes admitidas e excluídas publicarase na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>) e na páxina web, concedendo un prazo de dez (10) días hábiles a contar dende a data de publicación da lista na páxina web e na Sede Electrónica, para que emende ou subsane os documentos non presentados. Con indicación de que, se non o fixera así, se terá por desistido da súa petición.

A inclusión na lista de solicitudes admitidas, non implicará a asignación de praza na escola. Esta realizarase completando o procedemento previsto nas presentes bases, o cal require da publicación da lista definitiva e posterior tramitación da matrícula.

2. Aquelas solicitudes que non cumpran os requisitos de aceptación establecidos na base segunda non serán baremadas e aparecerán na lista provisional como non aceptadas ou excluídas, indicando o motivo que xustifica a situación de non aceptación ou exclusión.

3. Ademais, poderase reclamar, en calquera momento, de forma motivada, todos aqueles datos e a súa debida acreditación documental que considere necesarios para a máis eficaz realización da súa función. A non presentación desta documentación requirida no prazo que se indique impedirá ter por acreditado o criterio ou criterios afectados e, en consecuencia, impedirá valoralos para os efectos de determinar a puntuación.

Base Vixésima Primeira. Publicación da lista provisional de adxudicación de prazas

1. Unha vez baremadas, no seu caso, as solicitudes e determinada a puntuación resultante de aplicar os criterios de baremo, publicarase a relación nominal de todas as persoas solicitantes que acadaron praza, por orde da puntuación total obtida e por tramos de idade.

Formará parte desta lista provisional o alumnado que teña adxudicación directa de praza.



2. A lista provisional de persoas adxudicatarias e non adxudicatarias de praza publicaranse na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>) e na web www.depo.gal.

3. Na lista provisional aparecerán tamén, se fose o caso, as persoas non adxudicatarias de praza e as solicitudes non admitidas por incumprimento de requisitos, especificando o motivo da non admisión. As persoas que non acadaron praza formarán parte da lista de agarda á que se refire a base décimo vixésimo primeira.

Base Vixésima Segunda. Reclamacións á lista provisional de adxudicación de prazas

1. As persoas solicitantes, que sexan excluídas ou omitidas, poderán efectuar as reclamacións que consideren oportunas contra a lista provisional de adxudicación de prazas no prazo de cinco (5) días a contar dende o día seguinte á publicación da lista.

2. De acordo coas garantías e límites da Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal, as persoas interesadas no procedemento de admisión poderán consultar as listas provisionais coa puntuación desagregada dos criterios de baremo na Administración do CPF.

Base Vixésima Terceira. Relación definitiva de adxudicación de prazas

1. A estimación ou desestimación das reclamacións formuladas fronte ás listas provisionais, entenderase realizada a través das listas definitivas de persoas adxudicatarias e non adxudicatarias.

2. Unha vez comprobadas as reclamacións presentadas contra a resolución provisional, elaborárase unha proposta de lista definitiva para a súa aprobación polo órgano competente, procedendo de xeito posterior a súa publicación na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>) e na páxina web da Deputación.

3. En base á dita proposta acordárase mediante Resolución Presidencial a relación de persoas admitidas na Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe para o curso 2025/2026, así como a de non admitidas e as causas da súa exclusión.

4. De acordo coas garantías e límites da Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal, as persoas interesadas no procedemento de admisión poderán consultar as listas definitivas coa puntuación desagregada dos criterios de baremo na Administración do CPF.

Base Vixésima Cuarta. Recurso contra a resolución definitiva de adxudicación de prazas

Contra a resolución da entidade titular, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a Presidencia da institución provincial no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de adxudicación de prazas no BOPPO (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas) ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo ante o xulgado correspondente de Pontevedra, segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, todo iso no prazo establecido no artigo 46 da citada lei.

A lista de adxudicación de prazas poderá consultarse na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>) e na páxina web www.depo.gal.



Base Vixésima Quinta. Publicacións das listas definitivas de persoas adxudicatarias e tramitación da matrícula

1. Unha vez publicada a lista definitiva de adxudicación de praza, a persoa interesada deberá realizar a matrícula mediante a presentación da seguinte documentación:

- a) Cumprimento do modelo oficial que estará dispoñible na Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra.
- b) Copia da cartilla de vacinación do neno ou nena que acredite o cumprimento do calendario de vacinación infantil do Programa galego de vacinación.
- c) Copia da cartilla de seguridade social

Se non se realiza no prazo de dez (10) días dende a publicación de adxudicación da praza, desistirá da súa solicitude, a cal se arquivará sen máis trámites.

A escola entregará no momento do ingreso:

- 1. Resumo do regulamento de réxime interno do centro onde xa irá especificado o sistema de baixa no caso de falta de pagamento de cotas, de adxudicación de vacantes ó longo do curso escolar, o sistema de altas e baixas e de reserva de praza.
- 2. Escrito de confidencialidade dos datos conforme á lei Orgánica de Protección de datos
- 3. Listaxe do material de hixiene solicitado correspondente a cada aula.
- 4. Entrega do mandilón.
- 5. Entrega da axenda física.
- 6. Autorizacións para cubrir polas familias sobre:
 - Alimentación e hixiene
 - Persoas autorizadas para a recollida do neno ou nena
 - Saídas fora do centro
 - Fotos ou vídeos de actividades internas.

Respecto do Regulamento de Organización e Funcionamento e o Proxecto Educativo da Escola, as familias na solicitude de admisión, declararán responsablemente que son coñecedores do contido dos ditos documentos.

2. A matrícula presentarase preferentemente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

3. Opcionalmente, tamén poderá se presentada presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4. Para a presentación da matrícula, a sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluíndo o DNI-e).

Base Vixésima Sexta. Lista de agarda e solicitudes presentadas fora de prazo

1. A lista de agarda formada polas solicitudes presentadas no prazo ordinario de admisión e que non obteñen praza, ordenarase segundo a puntuación acadada no baremo de admisión.

Unha vez esgotada a lista de espera mencionada no parágrafo anterior, as prazas vacantes que se vaian producindo, serán cubertas segundo os niveis de idade, por rigorosa orde de entrada no rexistro da Deputación.



A actualización da lista de agarda, publicarase na Sede e na páxina web institucional durante a primeira quincena do mes que corresponda.

2. As solicitudes presentadas fora dos prazos establecidos, antes do inicio do curso escolar, requirirán que na data do inicio do curso, o/a menor deberá ter cumpridos os 3 meses de idade, salvo o previsto para o ingreso dos/das fillas/os das/dos traballadores/as da Escola Infantil e da Deputación de Pontevedra, que traballen en quendas de mañá e tarde.

As solicitudes presentadas durante o transcurso do curso escolar, o/a menor para o/a que se solicita a praza debera ter cumpridos os 3 meses de idade, á data da presentación da instancia no rexistro, salvo o previsto para o ingreso dos/das fillas/os das/dos traballadores/as da Escola Infantil e da Deputación de Pontevedra, que traballen en quendas de mañá e tarde.

3. No caso de non formalizar a correspondente matrícula, a vacante se ofertará á seguinte persoa da lista, polo mesmo procedemento.

Base Vixésima Sétima. Baixas

1. Será causa de baixa na escola infantil:

- a) O cumprimento da idade máxima regulamentaria de permanencia no centro.*
- b) A solicitude das persoas proxenitoras ou representantes legais.*
- c) A falta de pagamento do prezo establecido durante dous meses consecutivos ou tres alternos, calquera que sexa o curso escolar a que se refire a débeda, sen prexuízo da reclamación desta polo procedemento administrativo de constrinximento, de acordo coa normativa en vigor de prezos públicos para a Escola Infantil.*
- d) A comprobación de falsidade nos documentos ou nos datos achegados.*
- e) A incompatibilidade ou inadaptación absoluta para permanecer no centro.*
- f) A falta de asistencia inxustificada durante 1 mes, causará baixa automática do servizo aínda que sexan aboadas as cotas mensuais durante o dito período.*

2. As baixas motivadas polo establecido no punto 1. e) serán resoltas polo órgano competente unha vez oída a dirección do centro e realizado o trámite de audiencia da/das persoa/s interesada/s.

O prazo de resolución será de 2 meses desde o inicio do expediente. Nos demais supostos aprobarase a baixa por resolución do órgano competente no prazo dun mes desde o inicio do expediente.

3. As resolucións ditadas neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Potestativamente e con anterioridade á interposición do referido recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da notificación da resolución expresa.

Base Vixésima Oitava. Protección de datos persoais.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a exactitude destes e



levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, se deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "Normativa aplicable" dispoñible na ficha do procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>."

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

4. DAR CONTA DA PUBLICACIÓN E APERTURA DE PRAZO DO PLAN DE COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS PARA O ANO 2025. (Expediente 2024081414)

Dende o Servizo de Benestar Social elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da publicación e apertura de prazo do Plan de Cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios para o ano 2025, cuxo contido literal é o seguinte:

"DATOS DE INTERESE:

- **Bases reguladoras** aprobadas por Acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión do 31 de xaneiro de 2025
- **Publicación no BOPPO** núm. 23 do 4 de febreiro de 2025
- **Prazo de solicitudes:** do 5 de febreiro ao 4 de marzo de 2025
- **OBXECTO**

Aprobar o Plan de cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2025, a través do cal se subvencionarán o servizo de axuda no fogar (SAF) básico dos concellos de menos de 20.000 habitantes e a contratación de persoal que teña a condición de empregado público e desenvolva o seu labor dentro dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios con perfís profesionais diferentes e complementarios aos do persoal profesional de referencia, que se regula no artigo 37 do Decreto 99/2012.



- **DESTINATARIOS/AS**

Serán destinatarios deste plan os concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio de 2024.

Non poderán obter a condición de beneficiarios aqueles concellos nos que concorra algunha das circunstancias ou prohibicións ás que fai referencia a lexislación vixente en materia de subvencións.

- **MODULOS DE FINANCIAMENTO**

O SAF básico e a contratación de persoal que teña a condición de empregado público e desenvolva o seu labor nos equipos municipais de servizos sociais comunitarios, con perfís profesionais diferentes e complementarios aos do persoal profesional de referencia, establecido no artigo 37 do Decreto 99/2012.

- *Os concellos poderán solicitar ata as contías máximas dos módulos, respectando o número de profesionais, a xornada, a temporalidade e a categoría profesional, entre outras cuestións. No caso de redución da xornada ou da temporalidade con respecto ao estipulado, diminuírase a contía correspondente de xeito proporcional.*

En relación co módulo de persoal, aplicaranse as seguintes modalidades económicas:

Categoría profesional	Xornada completa para 12 meses	Media xornada para 12 meses
Persoa con titulación superior (licenciatura universitaria, grao ou equivalente)	24.655,90 €	12.327,95 €
Persoa con titulación media (diplomatura universitaria ou equivalente)	22.251,04 €	11.125,52 €
Persoal administrativo	19.506,10 €	9.753,05 €

- **ORZAMENTO**

A contía máxima dispoñible para o ano 2025 é de 3.068.638,26 euros”.

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.



5. **DAR CONTA DA PUBLICACIÓN E APERTURA DE PRAZO DA CONVOCATORIA DE AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA PARA O ANO 2025 (Expediente 2024008478)**

Dende o Servizo de Benestar Social elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da publicación e apertura de prazo da convocatoria de Axudas Básicas de emerxencia para o ano 2025, cuxo contido literal é o seguinte:

 "DATOS DE INTERESE:

- *Bases reguladoras aprobadas por Acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión do 31 de xaneiro de 2025*
- *Publicación no BOPPO núm. 23 do 4 de febreiro de 2025*
- *Prazo de solicitudes: do 5 de febreiro ao 4 de marzo de 2025*

- **OBXECTO**

Aprobar a convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos de menos de 20.000 habitantes, destinadas a prestar apoio económico para atender as necesidades urxentes das persoas que se atopen en situación ou risco de exclusión social.

- **DESTINATARIOS/AS.**

Os concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra, que xestionarán as citadas axudas a través dos seus servizos sociais comunitarios.

Pódense beneficiar das axudas básicas de emerxencia as persoas empadroadas e con residencia efectiva en calquera dos municipios de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra, que xestionen a súa demanda a través dos servizos sociais comunitarios do seu concello e que carezan de ingresos suficientes para lles facer fronte aos gastos para os que se solicita a axuda.

- **CONTÍAS**

A asignación das contías máximas establecidas para cada concello defínense en función da súa poboación, índice de dependencia global, taxa de desemprego e renda dispoñible bruta.

- **TIPOLOXÍA DE GASTOS**

Serán obxecto de subvención os seguintes conceptos:

- *Alimentación*
- *Uso da vivenda*
- *Pagamento de subministros básicos*
- *Pagamento de produtos e servizos de hixiene e limpeza*



- *Pagamento de produtos farmacéuticos*
- *Adquisición de electrodomésticos básicos*
- *Pagamento de desprazamentos*
- *Pagamento da reparación e mantemento de vehículos*
- *Pagamento de lentes, lentes de contacto e audiófonos*
- *Pagamento de gastos derivados de tratamentos de odontoloxía*
- *Pagamento de produtos de apoio*
- *Atencións de carácter complementario*
- *Axudas para adquisición de roupa e calzado*
- *Axudas de estudo*
- *Axudas de apoio á infancia*

- **ORZAMENTO**

A contía consignada para esta convocatoria ascende a seiscentos mil oitocentos euros (600.800,00 €), dos que trescentos noventa e tres mil cen euros (393.100,00 €) son para gasto corrente, con cargo á aplicación 25/231.2313.462.00, e douscentos sete mil setecentos euros (207.700,00 €) para investimento, con cargo á aplicación 25/231.2311.762.00 do Orzamento provincial.

- **LIZAZONS RELACIONADAS**

- **Procedemento en Sede Electrónica**

<https://sede.depo.gal/web/public/catalog-detail/65497881>

- **Bases reguladoras:**

<https://boppo.depo.gal/web/boppo/detalle/-/boppo/2025/02/04/2025005035>

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.



6. DAR CONTA DA PUBLICACIÓN E APERTURA DE PRAZO DA CONVOCATORIA DAS SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA ACTUACIÓNS NO ÁMBITO SOCIAL PARA O ANO 2025. (Expediente 2024081305)

Dende o Servizo de Benestar Social elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da publicación e apertura de prazo da convocatoria das Subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para actuacións no ámbito social para o ano 2025, cuxo contido literal é o seguinte:

 "DATOS DE INTERESE:

- *Bases reguladoras aprobadas por Acordo da Xunta de Goberno 5.34596, na súa sesión ordinaria do 31 de xaneiro de 2025*
- *Publicación no BOPPO núm. 27 do 10 de febreiro de 2025*
- *Prazo de solicitudes: do 11 de febreiro ao 10 de marzo de 2025*

1. OBXECTO

As bases teñen por obxecto regular o procedemento e aprobar a convocatoria para a concesión de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para actividades e proxectos de índole social que se desenvolvan na provincia de Pontevedra durante o exercicio de 2025, dirixidos a colectivos que, polas súas circunstancias persoais, psíquicas, físicas, socioeconómicas ou de natureza análoga, se atopen en situación de desvantaxe e vulnerabilidade social.

2. FINANCIAMENTO, CONTÍAS E LÍMITES

A contía prevista para esta convocatoria de subvencións, con cargo á aplicación 25/231.2313.480.02 do Orzamento xeral da Deputación para o ano 2025, ascende a cincocentos mil (500.000,00) euros, que representa o máximo de obrigas que se poden adquirir con cargo a esta convocatoria.

Só se concederá unha subvención por entidade. O importe máximo da subvención para cada actuación non poderá exceder o 80 % do seu orzamento nin a cantidade de sete mil (7.000,00) euros.

3. ENTIDADES BENEFICIARIAS E REQUISITOS

Poderán solicitar estas axudas as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos:

- a. *Ter a sede social ou unha delegación permanente na provincia de Pontevedra. Entenderase por "delegación permanente" aquela que conte con persoal permanente da organización e local fixo onde realizar as súas actividades.*
- b. *Estar inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Xunta de Galicia, regulado no Decreto 254/2011, de 23 de decembro. En caso de que a*



información que conste neste rexistro non estivese actualizada, a entidade solicitante deberá comunicalo e achegar a información necesaria.

- c. Carecer de fins de lucro e ter finalidades coincidentes co obxecto da subvención, segundo os seus estatutos.*
- d. Estar ao corrente de pago no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.*
- e. Non incorrer en ningunha das prohibicións previstas na LXS nin estar incluídas nos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.*

4. GASTOS SUBVENCIONABLES E EXCLUSIÓN

Serán obxecto de subvención as actuacións relativas a proxectos, programas e/ou actividades de promoción e inserción social, a prestación de servizos sociais e, en xeral, as que persigan un interese social na procura da mellora da calidade de vida das persoas.

As actuacións subvencionadas deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2025.

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada.

En ningún caso terán a condición de gastos subvencionables os seguintes:

- Os proxectos, programas ou actividades subvencionados no mesmo exercicio a través doutras convocatorias de subvencións da institución provincial.*
- Os gastos correntes de funcionamento das entidades (luz, auga, teléfono, alugueiro, limpeza etc.).*
- Os destinados a atencións protocolarias (comidas, festas, recepcións, agasallos, flores etc.).*
- As adquisicións de bens ou os gastos que teñan a consideración de investimento.*
- Os gastos relativos a actividades lúdicas, culturais, deportivas ou turísticas e a servizos de restauración e catering que non se correspondan co obxecto do programa.*
- Os gastos financeiros, de asesoría xurídica e financeira ou de natureza análoga.*
- Os relativos a manutención e desprazamento, agás que a entidade solicitante especifique claramente a necesidade e a adecuación deses gastos á finalidade da actividade subvencionada.*

5. LIGAZÓNS RELACIONADAS

- *Procedemento en Sede Electrónica*

<https://sede.depo.gal/web/public/catalog-detail/64849178>



- *Bases reguladoras:*

<https://boppo.depo.gal/web/boppo/detalle/-/boppo/2025/02/10/2025005525>

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

7. DAR CONTA DO PECHE DO PROGRAMA + CONVIVENCIA DO ANO 2024 (Expediente 2024011107)

Dende o Servizo de Benestar Social elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico do peche do programa + Convivencia do ano 2024, cuxo contido literal é o seguinte:

"DATOS DE INTERESE:

- *Aprobación das Bases reguladoras aprobadas por Acordo da Xunta de Goberno: O 05 de abril de 2024*
- *Publicación no BOPPO: 10 de abril de 2024*
- *Prazo de presentación de solicitudes: do 15 de abril ao 01 de decembro de 2024*
- *Finalidade: Creación de espazos de participación para as entidades da provincia de Pontevedra, onde compartir experiencias e poñer en valor o patrimonio natural, artístico, etnográfico e cultural de proximidade.*
- *Dotación: douscentos vinte mil euros (220.000,00), con cargo a aplicación 24/231.2311.480.05 do orzamento xeral da Deputación de Pontevedra para 2024.*
- *O importe total concedido ascendeu a 194.589,70 euros.*

ANTECEDENTES:

- *A institución provincial convocou o programa "+CONVIVENCIA", baseado en experiencias anteriores como "Coñece a túa Provincia" ou en "Ruta coa Depo", actividades que contan cun grande arraigo na provincia e que se veñen desenvolvendo desde hai máis de 20 anos, co obxectivo de crear espazos de participación para as entidades da provincia de Pontevedra, onde poder compartir experiencias e poñer en valor o patrimonio natural, artístico, etnográfico e cultural de proximidade.*
- *O programa apostou por dar maior autonomía ás entidades participantes para escoller as actividades socioculturais que máis interese lle susciten dentro do Catálogo de actividades socioculturais previstas no programa, así coma a época do ano que mellor se adapte ás súas necesidades.*



- A contía para a convocatoria 2024 ascendeu a douscentos vinte mil euros (220.000,00) euros, que representaba o máximo de obrigas que se podían adquirir con cargo á convocatoria.
- Só se concedeu unha subvención por entidade. O importe máximo da subvención para cada actividade non podía exceder da cantidade de mil (1.000,00) euros.
- As entidades tiveron ata o 15 de decembro de 2024 inclusive, para desfrutar da actividade concedida.
- Foron beneficiarias do programa as entidades de iniciativa social, asociacións de mulleres, asociacións de maiores, asociacións veciñais e culturais e ANPA con sede social ou delegación na provincia de Pontevedra que, ao tempo, carecían de fin de lucro, estando ao corrente das obrigas tributarias, sen incorrer en ningunha das prohibicións previstas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS, nin estar incluídas nos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.

Tendo en conta o anterior, se presentaron un total de 282 solicitudes, das cales resultaron:

- Concedidas: 207 solicitudes, que cumpriron os requisitos establecidos nas bases reguladoras, das cales 202 entidades levaron a cabo a actividade prevista e presentaron a correspondente xustificación, e 5 entidades non levaron a cabo finalmente a actividade, non presentando xustificación.
- Denegadas: 31 solicitudes, por non cumprir algún dos requisitos establecidos nas bases.
- Renuncias: 44 solicitudes, renuncias que foron instadas polas propias asociacións solicitantes, ante a imposibilidade sobrevida de cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, sinaladamente o requisito de participación mínima de 50 persoas.
- Non se presentaron solicitudes despois de transcorrido o prazo previsto nas bases da convocatoria.

OUTROS DATOS DE INTERESE:

- En relación ao catálogo de actividades ofertado e recollido nas bases da convocatoria, atendendo á preferencia amosada polas entidades nas súas solicitudes, se observaron as seguintes actividades como as máis demandadas:

ACTIVIDADES	SOLICITUDES
Relacionadas con espazos naturais	131
Relacionadas con sendeiros, rutas costeiras, fluviais, culturais	36
Relacionadas coa arquitectura popular e etnográfica	20
Relacionadas con festas de interese turístico, gastronómico, histórico	19



- Os destinos máis demandados polas entidades e asociacións participantes foron zonas costeiras e espazos naturais marítimos, con preferencia por illas como Cíes e Ons.
- O número de participantes nas actividades promovidas polas entidades ao amparo do programa "+CONVIVENCIA" durante 2024 ascendeu a 12.847 persoas.
- Participaron asociacións e entidades procedentes de 47 concellos da provincia de Pontevedra.
- As actividades levadas a cabo ao amparo do programa "+CONVIVENCIA" durante 2024 se desenvolveron entre os meses de maio e decembro, toda vez que o prazo de presentación de solicitudes comezou o 15 de abril de 2024. Os meses nos que se levaron a cabo máis actividades foron setembro, xullo e outubro.
- Realizadas enquisas de satisfacción entre as entidades participantes, a valoración xeral do programa reflectiu unha puntuación de 9,2 sobre 10, e polo tanto un elevado grao de satisfacción".

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

8. DAR CONTA DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA + RETO DIXITAL 2025 **(Expediente 2025005122)**

Dende o Servizo de Xuventude e Reto Demográfico elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da convocatoria do programa + RETO DIXITAL 2025, cuxo contido literal é o seguinte:

"O vindeiro luns 24 de febreiro publícase no BOPPO a convocatoria e bases reguladoras do programa + Reto Dixital, dirixido a 34 concellos de Reto Demográfico

O prazo de presentación de solicitude iníciase o 3 de marzo e remata o día 31 do mesmo mes.

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico, abre a convocatoria do programa "+Reto Dixital", dirixida aos 34 concellos de reto demográfico que non participaron no proxecto "Hub contra a fenda dixital e a soidade non desexada" durante o ano 2024.

Aproveitando os recursos cos que conta esta Institución, un aula móbil e unha Plataforma con contidos formativos froito do "Hub Dixital, esta iniciativa ten como obxectivo ofrecer formación dixital ás persoas maiores de 50 anos empadroadas nestes concellos, facilitándolles o acceso aos servizos da Administración electrónica e dotándoas de maior autonomía na xestión de trámites cotiáns, co fin de mellorar a súa calidade de vida a través da adquisición de habilidades dixitais.



Os obradoiros ofertados son os seguintes:

- 1. A Administración electrónica*
- 2. A Sede electrónica da Deputación de Pontevedra e do meu concello*
- 3. Sergas, a súa aplicación electrónica e TELEA*
- 4. Uso da banca móbil e as compras electrónicas*
- 5. As redes sociais*

Cada concello poderá solicitar dous obradoiros. Ademais, poderá indicar na solicitude un obradoiro adicional no caso de quedar prazas sen adxudicar tras a concesión inicial. A asignación destes obradoiros adicionais realizarase por orde de entrada das solicitudes no rexistro electrónico da Deputación.

Cada obradoiro terá unha duración de cinco horas e incluírá un módulo inicial sobre seguridade no uso de medios electrónicos e internet.

En cada obradoiro poderán participar entre 8 e 15 persoas, cun custo de 5 euros por participante.

A formación será impartida de forma presencial por unha empresa especializada e desenvolverase entre os meses de xuño e decembro, adaptándose ás preferencias dos concellos e do alumnado, así como á dispoñibilidade da empresa adxudicataria. Os concellos que se beneficien deste programa deberán:

- Seleccionar ás persoas beneficiarias segundo os principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.*
- Comunicar a relación definitiva das persoas admitidas en cada acción formativa.*
- Poñer a disposición unha aula adecuada para a formación, que cumpra cos requisitos de capacidade, mobiliario, accesibilidade e conexión a internet.*

Os concellos interesados poden presentar as súas solicitudes a través do rexistro electrónico da Deputación de Pontevedra. Para máis información, pódense poñer en contacto co Servizo de Xuventude e Reto Demográfico.

Con esta iniciativa, a Deputación de Pontevedra reafirma o seu compromiso coa inclusión dixital e a mellora da calidade de vida das persoas maiores de 50 anos nos concellos de reto demográfico.

Os concellos destinatarios son os seguintes:

<i>Núm.</i>	<i>Concello</i>	<i>Clasificación</i>
<i>1</i>	<i>Agolada</i>	<i>Reto < 5.000</i>
<i>2</i>	<i>Arbo</i>	<i>Reto < 5.000</i>
<i>3</i>	<i>Barro</i>	<i>Reto-núcleos</i>
<i>4</i>	<i>Bueu</i>	<i>Reto-núcleos</i>
<i>5</i>	<i>Caldas de Reis</i>	<i>Reto < 5.000</i>



6	<i>Campo Lameiro</i>	<i>Reto-núcleos</i>
7	<i>Cañiza, A</i>	<i>Reto < 5.000</i>
8	<i>Catoira</i>	<i>Reto-núcleos</i>
9	<i>Cerdedo-Cotobade</i>	<i>Reto-núcleos</i>
10	<i>Covelo</i>	<i>Reto < 5.000</i>
11	<i>Crecente</i>	<i>Reto < 5.000</i>
12	<i>Dozón</i>	<i>Reto < 5.000</i>
13	<i>Fornelos de Montes</i>	<i>Reto < 5.000</i>
14	<i>Lama, A</i>	<i>Reto < 5.000</i>
15	<i>Meaño</i>	<i>Reto-núcleos</i>
16	<i>Meis</i>	<i>Reto < 5.000</i>
17	<i>Mondariz</i>	<i>Reto < 5.000</i>
18	<i>Mondariz-Balneario</i>	<i>Reto < 5.000</i>
19	<i>Oia</i>	<i>Reto < 5.000</i>
20	<i>Pazos de Borbén</i>	<i>Reto < 5.000</i>
21	<i>Ponte Caldelas</i>	<i>Reto-núcleos</i>
22	<i>Pontecesures</i>	<i>Reto < 5.000</i>
23	<i>Portas</i>	<i>Reto < 5.000</i>
24	<i>Ribadumia</i>	<i>Reto-núcleos</i>
25	<i>Rodeiro</i>	<i>Reto < 5.000</i>
26	<i>Rosal, O</i>	<i>Reto-núcleos</i>
27	<i>Salceda de Caselas</i>	<i>Reto-núcleos</i>
28	<i>Salvaterra de Miño</i>	<i>Reto-núcleos</i>
29	<i>Sanxenxo</i>	<i>Reto-núcleos</i>
30	<i>Silleda</i>	<i>Reto-núcleos</i>
31	<i>Tomiño</i>	<i>Reto-núcleos</i>
32	<i>Valga</i>	<i>Reto-núcleos</i>
33	<i>Vila de Cruces</i>	<i>Reto-núcleos</i>
34	<i>Vilanova de Arousa</i>	<i>Reto-núcleos</i>

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.



9. DAR CONTA DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS AOS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2025 (EXPEDIENTE 2024072978).

Dende o Servizo de Igualdade elaboran un informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico das Bases reguladoras da convocatoria de Subvencións dirixidas aos concellos de menos de 20.000 habitantes para o fomento da Igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2025, cuxo contido literal é o seguinte:

"A Deputación de Pontevedra, no marco das súas competencias, quere impulsar en colaboración cos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia, proxectos, programas e actividades para a consecución da igualdade entre mulleres e homes e a prevención da violencia de xénero na provincia. Para levar a cabo esta liña de subvencións, o Servizo de Igualdade elaborou unhas bases que regulan a concesión das axudas que van dirixidas a estes concellos que deberán cumprir os requisitos e condicións establecidos nestas bases e na normativa xeral de subvencións.

Con data do 20 de novembro de 2024 a Secretaría emite informe segundo consta no expediente, sobre as bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2025.

Con data do 8 de xaneiro de 2025, Intervención emite informe favorable sobre a tramitación do expediente para a aprobación de ditas bases, deixando constancia de que a aplicación orzamentaria proposta 25/250.2315.480.01, considerase correcta, e conta con crédito retido, mediante RC nº 202500003034, por importe de 260.000€, sendo 6.000€ a contía máxima a conceder a cada entidade.

Estas bases aprobáronse na sesión ordinaria da Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra celebrada o día 17 de xaneiro e, posteriormente foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nº 17 de 27 de xaneiro de 2025 e na Base Nacional de Subvencións.

Ditas bases reguladoras quedan redactadas co seguinte teor literal:

"BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS AOS CONCELLO DE MENOS DE 20.000 HABITANTES DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2025

"Nos artigos 9.2 e 14 da Constitución española e na Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia, recóllese a igualdade como dereito. En ambas as normas establécese que os poderes públicos teñen a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas sexan reais e efectivas.



Na Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que se constitúe como o marco xurídico e legal da igualdade entre mulleres e homes no ámbito do Estado español, na Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e na Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, recóllese que os poderes públicos incorporarán, no marco das súas competencias, medidas tendentes a acadar a igualdade efectiva e impulsarán campañas de información e sensibilización específicas co fin de previr a violencia de xénero.

Adicionalmente, no artigo 36.1.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), establécense como competencias propias das deputacións a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión, co fin de asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal.

Con estes antecedentes, e segundo o obxectivo 5 dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030 das Nacións Unidas, conseguir a igualdade real e efectiva entre as mulleres e os homes en todos os ámbitos da vida social, política e económica e loitar contra a violencia de xénero constitúen unha das principais liñas estratéxicas de actuación da Deputación de Pontevedra, impulsadas a través do Servizo de Igualdade.

Para levar a cabo esta liña de acción, a institución provincial considera que é necesaria a colaboración estreita cos concellos, por ser o nivel máis próximo á cidadanía e polo coñecemento que estes teñen da súa poboación, co fin de promover e realizar actuacións para conseguir unha sociedade máis xusta e igualitaria. Así mesmo, segundo o establecido no artigo 25.2.o da LRBRL, tras a súa nova redacción dada pola disposición final primeira do Real decreto lei 9/2018, de 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, é competencia do municipio o desenvolvemento de actuacións para a promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero.

Así, a Deputación convoca esta liña de subvencións públicas, en réxime de concorrencia competitiva, para os concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra que desenvolvan proxectos, programas e actividades para a igualdade entre mulleres e homes e para a loita contra a violencia machista durante o ano 2025.

Estas subvencións rexeranse polo disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG); e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

BASES

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento de concesión, execución e xustificación das subvencións dirixidas aos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra que desenvolvan proxectos, programas e actividades para a igualdade entre mulleres e homes e para a loita contra a violencia machista durante o ano 2025.

Segunda. Financiamento

A contía prevista para esta convocatoria de subvencións, con cargo á aplicación 25/250.2315.462.01 do Orzamento xeral da Deputación para o ano 2025, ascende a douscentos sesenta mil (260.000,00) euros, que



representa o máximo de obrigas que se poden adquirir con cargo a esta convocatoria mentres non se amplíe o crédito da aplicación.

Terceira. Entidades destinatarias

Poderán concorrer a esta convocatoria os concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes, de acordo cos datos de poboación publicados na revisión do padrón municipal o 1 de xaneiro de 2025 polo Instituto Nacional de Estatística (INE).

Para poder acceder ás subvencións as entidades deberán cumprir as condicións e os requisitos establecidos nestas bases e na normativa xeral de subvencións e estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra, e non estar incursas en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas nin incorrer en ningún dos casos de prohibición para a percepción de subvencións recollidos na lei.

Cuarta. Actuacións subvencionables

Serán obxecto de subvención as actuacións relativas ao financiamento dalgún dos seguintes proxectos, programas e actividades:

- *Proxectos e actividades de sensibilización, formación e prevención da violencia machista.*
- *Proxectos e iniciativas xurdidas dos acordos das mesas locais de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero.*
- *Proxectos para mellorar a atención integral ás vítimas de violencia de xénero, ás súas fillas e fillos e ás persoas dependentes ao seu cargo.*
- *Programas e actuacións destinados a mulleres en situación de especial vulnerabilidade e con singulares dificultades.*
- *Proxectos para mellorar a formación e a orientación para o emprendemento e a inserción laboral das mulleres.*
- *Accións e actividades centradas na elaboración do Plan municipal de igualdade, así como as orientadas á súa difusión e avaliación.*
- *Accións dirixidas a crear redes e servizos de apoio que favorezan a corresponsabilidade e a conciliación da vida persoal, familiar e profesional.*
- *Accións e actividades de prevención e sensibilización no eido educativo dirixidas ao alumnado, ao profesorado e ás familias co fin de dotalos de estratexias educativas para fomentar a igualdade de trato e de oportunidades.*
- *Campañas de difusión e sensibilización da cidadanía en materia de igualdade.*
- *Contratación de persoal empregado público especialista en materia de igualdade (axentes de igualdade, persoas promotoras da igualdade de xénero, técnicas e técnicos de igualdade) que realice as tarefas relacionadas coa promoción da igualdade de mulleres e homes no ano 2025 a través de proxectos específicos. Financiaranse os gastos polos conceptos de salarios e seguridade social do persoal técnico municipal que desenvolva o proxecto.*

As accións deberán realizarse durante o ano 2025 e rematar antes do 31 de decembro dese mesmo ano.

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.



Con carácter xeral, o gasto considerarase realizado cando o órgano competente da entidade local contabilice o recoñecemento da obriga. As entidades locais beneficiarias deberán acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados.

A subvención concedida a cada entidade non poderá superar a contía de seis mil (6.000,00) euros.

Quinta. Gastos non subvencionables

Quedan excluídas desta convocatoria, e polo tanto non serán obxecto de subvención, as seguintes actuacións:

- *Proxectos, programas ou actividades que non teñan como obxectivo principal fomentar e conseguir a igualdade de xénero e loitar contra a violencia machista ou que contraveñan o interese público que persegue a Deputación.*
- *Gastos correntes de funcionamento das entidades (luz, auga, teléfono e alugueiro).*
- *Gastos referidos a actividades lúdicas, culturais, deportivas, de lecer e tempo libre ou turísticas, e a servizos de restauración e catering que non se correspondan co obxectivo do programa.*
- *Gastos financeiros, de asesoría xurídica e financeira ou de natureza análoga.*
- *Gastos relativos á adquisición de equipamento ou material inventariable (equipamentos informáticos, mobiliario e outros).*

Sexta. Compatibilidade das subvencións

As subvencións ás que se refire esta convocatoria son compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración, sempre que o conxunto das axudas recibidas non supere o 100 % do custo da actividade ou do proxecto subvencionado.

As actuacións subvencionadas nesta convocatoria non poderán obter outra subvención nin serán compatibles con outras concedidas por outros servizos do organismo provincial para a mesma finalidade no exercicio 2025.

Sétima. Lugar de presentación das solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da LPACAP.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Cada entidade poderá presentar unha única solicitude ao abeiro desta convocatoria.

Oitava. Prazo de presentación das solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Novena. Documentación

Os concellos interesados deberán achegar, coa solicitude, a seguinte documentación:



- Certificado do acordo ou da resolución do órgano competente do Concello mediante o cal se aproba a solicitude de subvención e o compromiso de financiar o importe dos custos necesarios para completar o orzamento previsto para realizar a actividade.
- Certificado da Secretaría do Concello no que se indique a existencia ou inexistencia dun Plan municipal de igualdade aprobado e en vigor ou da Mesa local de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero, constituída e operativa, segundo o modelo normalizado (anexo II).
- Proxecto explicativo e orzamento detallado das actuacións para as que se solicita a subvención asinados pola persoa representante do Concello.
- De ser o caso, debe achegarse a certificación ou o documento probatorio da entidade ou institución coa que se traballe en rede para xustificar esta colaboración.

Décima. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións realizaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, sistema accesible desde <https://sede.depo.gal> ou directamente desde <https://dehu.redsara.es>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorran dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralle ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada, e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo primeira. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á entidade interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, en caso de non o facer, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica ou presencial segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se está a efectuar o trámite. Os modelos están dispoñibles en <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>.



Décimo segunda. Instrución do procedemento e Comisión de Valoración

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle á xefa do Servizo de Igualdade, quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos, en virtude dos cales deberá formular a proposta de resolución, de conformidade co previsto no artigo 24 da LXS.

A xefa do Servizo poderá solicitar tanta información ou documentación adicional estime necesaria para valorar mellor as solicitudes e a súa resolución, así como a asistencia doutros servizos da Deputación para os efectos do tratamento mecanizado da información.

Tamén realizará un informe-proposta no que se recollerá a valoración das solicitudes segundo os criterios de concesión e se explicarán o sistema de valoración seguido, a relación das entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención coa súa contía e, no seu caso, o motivo da exclusión.

Para calcular a contía da subvención empregarase un programa informático que terá en conta a dispoñibilidade orzamentaria e os criterios de valoración previstos na convocatoria. Tamén se incluírá o informe sobre o algoritmo de cálculo empregado.

Unha comisión de valoración estudará e avaliará o informe-proposta, fiscalizado por Intervención, ademais de solicitar cantos informes estime necesarios, e emitirá unha proposta na que lle suxerirá motivadamente ao órgano competente a concesión ou a desestimación das solicitudes tramitadas.

A Comisión de Valoración é un órgano colexiado composto por:

- *Presidenta: a deputada delegada do Servizo de Igualdade*
- *Vogais: a xefa do Servizo de Igualdade e persoal técnico funcionario: unha persoa do mesmo servizo e outra do de Intervención*
- *Secretaria ou secretario: unha funcionaria ou funcionario do Servizo de Igualdade, que actuará sen voto*

Décimo terceira. Valoración e criterios de concesión

A valoración e o baremo das solicitudes presentadas e admitidas a trámite realizaranse en réxime de concorrencia competitiva. Cada proxecto poderase valorar cun máximo de 100 puntos, de acordo cos seguintes criterios e coas valoracións correspondentes:

1. *Calidade e contido técnico da proposta, ata un máximo de 40 puntos:*
 - a) *Claridade na descrición do proxecto, formulación de obxectivos e concordancia coas actividades, ata un máximo de 20 puntos.*
 - b) *Metodoloxía que se vai empregar na realización e indicadores de avaliación, ata un máximo de 10 puntos.*
 - c) *Carácter innovador do proxecto, ata un máximo de 5 puntos.*
 - d) *Utilización dunha linguaxe e dunha imaxe non sexistas, 5 puntos.*
2. *Incidencia social do proxecto, do programa ou da actividade, ata un máximo de 35 puntos:*
 - a) *Número de persoas beneficiarias, ata un máximo de 7 puntos:*
 - *Menos de 50 persoas: 1 punto*



- Entre 50 e 150 persoas: 3 puntos
 - Entre 151 e 250 persoas: 5 puntos
 - Máis de 250 persoas: 7 puntos
- b) *Poboación total do municipio, segundo as cifras oficiais recollidas polo Instituto Galego de Estatística (IGE), ata un máximo de 8 puntos:*
- Ata 5.000 habitantes: 2 puntos
 - De 5.001 a 10.000: 4 puntos
 - De 10.001 a 15.000: 6 puntos
 - De 15.001 a 20.000: 8 puntos
- c) *Grao de clasificación dos concellos segundo o seu grao e subgrao de urbanización (GU 2016), ata un máximo de 5 puntos:*
- Zonas pouco poboadas (ZPP): 2 puntos e, ademais:
ZPP baixa: 3 puntos
ZPP intermedia: 2 puntos
ZPP alta: 1 punto
 - Zonas intermedias poboadas (ZIP): 1 punto e, ademais:
ZIP baixa: 0,5 puntos
ZIP intermedia: 0,25 puntos
- d) *Traballo en rede con outras entidades ou institucións, 2 puntos por entidade ou institución, ata un máximo de 10 puntos.*
- e) *Temporalización das actividades que se van realizar, ata un máximo de 5 puntos:*
- Menos de 3 meses: 1 punto
 - De 3 a 6 meses: 3 puntos
 - Máis de 6 meses: 5 puntos
3. *Recursos, capacidade de xestión e compromiso do Concello coa igualdade, ata un máximo de 25 puntos:*
- a) *Esforzo económico do Concello solicitante no autofinanciamento do proxecto con recursos xerais seus, que exclúa calquera subvención, axuda ou achega das persoas usuarias ou participantes, ata un máximo de 10 puntos:*
- Ata un 10 %: 1 punto
 - Se é maior do 10 % e ata o 20 %: 2 puntos
 - Se é maior do 20 % e ata o 30 %: 3 puntos
 - Se é maior do 30 % e ata o 40 %: 4 puntos
 - Se é maior do 40 % e ata o 50 %: 5 puntos
 - Se é maior do 50 % e ata o 60 %: 6 puntos
 - Se é maior do 60 % e ata o 70 %: 7 puntos
 - Se é maior do 70 % e ata o 80 %: 8 puntos
 - Se é maior do 80 % e ata o 90 %: 9 puntos



- Se é maior do 90 %: 10 puntos
- b) Porcentaxe do crédito inicial do orzamento municipal total vixente dedicado á igualdade e á loita contra a violencia machista, ata un máximo de 5 puntos:
 - Menos do 0,5 %: 1 punto
 - Do 0,5 % ao 1 %: 3 puntos
 - Máis do 1 %: 5 puntos
- c) Por ter un Plan municipal de igualdade aprobado e en vigor, 5 puntos.
- d) Por ter unha Mesa local de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero constituída e operativa, 5 puntos.

Décimo cuarta. Resolución

As propostas de concesión de subvencións someteranse á aprobación da Xunta de Goberno, que é o órgano competente. A resolución do procedemento notificaráselles ás entidades interesadas segundo o previsto nos artigos 40 e seguintes da LPACAP e nestas bases.

Unha vez transcorridos seis (6) meses a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de presentación de solicitudes sen notificarse a resolución, as entidades interesadas estarán lexitimadas para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de subvención.

Décimo quinta. Modificación da resolución

Segundo se establece no artigo 64 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS (RLXS), unha vez notificada a resolución de concesión, logo dunha solicitude razoada e sempre que se manteña a finalidade da subvención, a entidade beneficiaria poderá solicitar a modificación do seu contido, que se poderá autorizar sempre e cando non se danen dereitos de terceiras persoas nin se modifique a puntuación da fase de concesión.

Esta solicitude de modificación deberá presentarse no prazo dun (1) mes desde a notificación da concesión e será resolta pola Xunta de Goberno logo da proposta da comisión avaliadora, que deberá ter en conta as seguintes circunstancias:

- Se o orzamento da nova actividade é superior ou igual ao orzamento subvencionado inicial, manteranse as condicións da subvención concedida (o importe da subvención e o orzamento subvencionado).
- Se o orzamento da nova actividade é inferior ao orzamento subvencionado inicialmente, a reformulación será automática e o orzamento obxecto da xustificación será o resultante de dividir o importe outorgado entre o coeficiente de financiamento da solicitude.

Só se permitirá un cambio de aplicación ou modificación da subvención concedida, que deberá estar suficientemente motivado e formularse con carácter inmediato á aparición das circunstancias que o xustifiquen e, en todo caso, antes de finalizar o prazo de execución do proxecto ou das actividades subvencionadas.

Este cambio deberá realizarse durante o ano 2025, segundo se recolle no artigo 64.2 do RLXS.

Décimo sexta. Xustificación

Unha vez notificada a aprobación das axudas concedidas e realizada a actividade, as entidades beneficiarias terán de prazo para xustificalas ata o 27 de febreiro de 2026, este incluído.



1. *De producírense circunstancias imprevistas que lles impidan ás entidades beneficiarias xustificar en prazo os proxectos, os programas ou as actividades, poderán solicitar unha prórroga antes de rematar o prazo de xustificación da subvención (artigo 32 da LPACAP). O órgano concedente poderá outorgar unha ampliación do prazo de xustificación que non exceda a metade deste, sempre que con iso non se prexudiquen dereitos de terceiras persoas (artigo 70 do RLXS).*
 2. *Os gastos xustificandos deberán axustarse aos conceptos establecidos no orzamento inicial, sen aboar máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida. A desviación entre os conceptos con respecto ao orzamento inicial non debe superar o 20 %.*
 3. *Para cobrar a axuda concedida os concellos deberán estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.*
 4. *Os proxectos, os programas ou as actividades que se realicen deben axustarse aos presentados inicialmente. En caso de que non se cumpran os criterios avaliados na solicitude presentada, a Deputación de Pontevedra poderá reducir o importe da subvención na parte proporcional.*
- Deberá realizarse a xustificación da execución completa do programa, integrada pola seguinte documentación, que se deberá presentar obrigatoriamente por medios electrónicos segundo o previsto na base décimo primeira:*
- a. *Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida. Indicarase en cada factura o número de unidades, os prezos unitarios destas e o custo total, acompañadas do acordo ou da resolución do órgano competente do Concello mediante o cal se aproban as devanditas facturas ou ben unha certificación de Secretaría ou Intervención (ou do persoal competente) acreditativa de que os gastos cuxo detalle figura na conta xustificativa son reais, se aplicaron á finalidade subvencionada e foron aprobados polo órgano competente, e que os xustificantes correspondentes quedarán á disposición da Deputación para o seu exame, de considerarse oportuno.*
 - b. *Conta xustificativa dos gastos polo importe total do orzamento presentado pola entidade, na que se determinará o custo ou o gasto total da finalidade subvencionada, con detalle das facturas ou dos documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, e na que se poña de relevo que os gastos que figuran na conta xustificativa se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda. Indicarase que o resto dos xustificantes da conta se encontran no domicilio da entidade beneficiaria á disposición da institución provincial para o seu exame, segundo se establece no artigo 24.1.B.d da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.*
 - c. *Memoria xustificativa do cumprimento das condicións establecidas na solicitude de subvención, debidamente asinada, na que se indiquen as actividades realizadas e os resultados obtidos.*
 - d. *Acreditación da divulgación do financiamento da actividade subvencionada por parte do organismo provincial, para o que será necesario a declaración responsable da persoa representante, acompañada, no seu caso, de fotografías, carteis ou calquera outro medio probatorio da difusión.*

Logo de vencido o prazo de xustificación sinalado nesta base ou, no seu caso, o establecido na prórroga sen que a entidade beneficiaria presente a documentación xustificativa, o Servizo de Igualdade requiriralle que o faga no prazo improrrogable de quince (15) días.



En caso de que a xustificación estivese incompleta ou defectuosa, requiriráselle á entidade beneficiaria que corrixa os erros ou defectos observados ou que achegue os documentos solicitados nun prazo de dez (10) días.

A falta de presentación da documentación en prazo supoñerá a perda da subvención, o inicio do expediente de perda de dereito ao cobro, a esixencia do reintegro e as demais responsabilidades previstas na LXS.

Décimo sétima. Pagamento da subvención

Para pagar a subvención terase en conta o seguinte:

- *De xustificarse o gasto polo 100 % do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da axuda.*
- *De xustificarse un gasto inferior ao 100 %, aboarase a parte proporcional da subvención.*

O pagamento da subvención efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada polo Concello na solicitude.

As entidades beneficiarias aboarán os gastos que figuren na conta xustificativa, preferiblemente antes de presentar a xustificación da subvención, pero en todo caso no prazo máximo dun (1) mes desde a súa percepción.

Décimo oitava. Obrigas das entidades subvencionadas

As entidades beneficiarias destas subvencións teñen as seguintes obrigas:

- a. *Destinar a subvención ao obxecto concreto para o que foi concedida; executar e acreditar a realización da actuación que fundamenta a concesión da subvención.*
- b. *Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos competentes, e achegar tanta información se lles requira no exercicio das actuacións anteriores.*
- c. *Conservar os documentos xustificativos da aplicación dada aos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.*
- d. *Facer constar, expresamente e de xeito visible, en calquera dos medios que se empreguen para difundir o proxecto ou as actividades, que estas se realizaron co financiamento da Deputación; incorporarase para iso o logotipo institucional. As normas de imaxe corporativa pódense consultar en comunicacion@depo.gal.*
- e. *Comunicarlle á institución provincial calquera modificación das condicións que se tivesen en conta para conceder a subvención, ademais de facilitarlle tanta información se lles requira relacionada coas actividades e cos programas subvencionados.*

Décimo novena. Devolución, reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención

Deberán devolverse ou reintegrarse as axudas concedidas ou perderase o dereito a cobralas nos seguintes casos:

1. *Por obtelas falseando as condicións requiridas.*
2. *Por non aplicalas aos fins para os que se concederon.*
3. *Por incumprir as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.*



Vixésima. Réxime xurídico, responsabilidade e réxime sancionador das achegas económicas previstas nesta convocatoria

Estas axudas rexeranse polo establecido nestas bases; serán de aplicación supletoria as normas da LXS, a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e as Bases de execución do Orzamento da Deputación para o ano 2025.

As entidades beneficiarias someteranse aos procedementos de control ou auditoría que realice o Servizo de Intervención, polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras. Como resultado deste procedemento poderáselles esixir responsabilidades administrativas e quedarán sometidas ás responsabilidades e ao réxime sancionador establecido na LXS.

Vixésimo primeira. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, o texto da convocatoria remitiráselle á BDNS para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Vixésimo segunda. Protección de datos

Os datos persoais recollidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a exactitude destes e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "normativa aplicable", dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>, e o consentimento explícito das persoas interesadas.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o seu consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Vixésimo terceira. Confidencialidade dos proxectos

Sen prexuízo do disposto na lexislación vixente en materia de acceso á información pública, o servizo instrutor non divulgará os proxectos presentados polas persoas interesadas que estas designasen como confidencial no momento de presentar a súa solicitude, co obxectivo de preservar aspectos confidenciais dos proxectos ou calquera outra información cuxo contido poida ser utilizado para falsear a competencia, xa sexa neste procedemento ou noutros posteriores."

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.



10. ROGOS E PREGUNTAS.

Non se levan a cabo intervencións neste apartado.

E non habendo máis asuntos, a presidenta levanta a sesión, sendo ás doce horas e vinte minutos, do que eu, como secretaria, dou fe.

Asinada dixitalmente na data que figura na marxe.

